

Bonecas de porcelana


Ortigas · Xiana Arias Rego · Espiral Maior, 2007 · 74 páx. · 15 euros

“Este libro habita nos recunchos da consciencia, territorios inzados de ortigas e de herbas das ortigas. Estes poemas medraron nas estancias abandonadas da infancia dunha nena que se fixo grande e marchou para a cidade. Como antre as ruínas da casa vella, estas imaxes, estas metáforas que se fan símbolos, foron medrando antre os pensamentos da Xiana até viraren palabras”.

Así expresa Leo F. Campos a xéneze do primeiro poemario de Xiana Arias Rego: *Ortigas*. Con el, a autora acadou o Premio Nacional de Poesía Xosemaría Pérez Parallé na súa XIX convocatoria. É *Ortigas* un libro que proe, onde se mesturan as felices lembranzas infantís do camping e da praia co medo máis atroz representado polos “abridores de latas”, sempre ao axexo, escondidos na area, ameazando. Nel a “raíña do underground” non é máis que outra vítima que ve como as súas ilusións naufragan por mor dos abusos do xefe, feito que condiciona todo o seu futuro. E pode ser que te chames Princesa pero non hai para ti máis que miseria e desencanto.

Con todo, o que soborancea no libro é a constante presenza das “lauras”, personaxes que aparecen en calquera contexto e situación, soas ou a centos, como un recordatorio dos estigmas que están gravados no máis íntimo do corpo e da memoria do eu. As “lauras” foron violadas, toman a forma dunha nena sen un ollo, viven nos arrabaldes sometidas á desconsideración dos demás, sufrieron todas as desgrazas,

son “lauras rotas como bonecas de porcelana” e, constantemente, lémbranlle ao eu a súa fraxilidade obligándoo a assumir que “es unha estúpida se pensas que para non ver chega con pechar os ollos” pois negar unha realidade que foi tan cruel como para destruíla non é xa posible. Neste sentido, a presenza das “lauras” é tan dolorosa para o eu que este reaciona con violencia contras elas pero non é quen de sometelas xa que, como o terror, corren libres pola casa e mesmo polas súas veas, golpean o teito cóspernle e morden a lingua para non dicirlle que xa non hai



futuro, que é inútil a rebeldía, que certas marcas non as borra nin sequera o tempo. Así a posibilidade da vinganza non lle achega ningún alivio porque, como no caso da ortiga, a quemazón quedou gravada dunha forma indeleble e perpetua na memoria e o antídoto, a menta brava ou herba das ortigas, non medra nos terreos ermos da desesperanza. Deste xeito, as “lauras” rematan por seren compañeiras no infortunio pois tamén elas “teñen o baleiro no estómago e non o poden soltar”.

// Teresa Seara